



GALICIA

Omar García – Escola Rosalía de Castro

SIC LUX LUCEAT

Non. Non hai luz. Que é iso? Eu non teño. Ecuridade só. Es capaz de imaxinar... por un intre... non.

De seguro non podes. Inda así, non perdo nada por explicar, por contar, por narrar... Dende que apareceu por vez primeira esta nova fonte de enerxía, todo é perigoso. Quero saír ou deixala entrar, que agoche nun recunchiño pequeno, e quente, cun pequeno resplandor ao principio, ou que vaia queimando e fundino todo, ata que me consuma se é necesario.

“Sic Lux Luceat” “Así brilla a luz”. Tres palabras. Tres verbos latinos que xuntos significan para min, para nós, destrución.

Hai meses, un neno galego asegurou que vira un anxo. Dixo que non son como se pintan nas igrexas. Non teñen plumas de veludo nin visten brancos atavíos. “Os anxos están feitos de enerxía —dicía sorrindo, coa mirada perdida—. A máis pura e fermosa”. Por suposto, ninguén o creu. “O anxo enfadarase!” Ninguén o cría aínda.

O neno tiña medo. En efecto, o anxo enfadouse. Apareceu un día na Catedral de Santiago, pero, dalgún xeito, todos o puidemos sentir tomándonos a man. Estaba feito por enteiro de enerxía, de luz. Pero non da sucia que obtemos do petróleo. Estaba feito daquela que emprega unha nai para levantar o coche que atrapa o seu fillo. Daquela que abre as margaritas ou da que un cego precisa para ver por primeira vez. A súa voz resoou na cabeza de todos os humanos que poboan a Terra.

Non falaba ningunha lingua coñecida, mais a todos nos soou... familiar. Soltou a súa reprimenda. Palabras grandiosas imposibles de reproducir cun bolígrafo. Prometeu castigarnos... cun avasalo. Quebrouse coma un cristal de Bohemia en millóns, billóns ou máis estelas de enerxía. Cada anaco caeu nun home, nunha planta, nun animal, nun ser. Ao principio, sentímonos indestrutibles! Rendiamos o triplo, eramos felices, pero había un problema. A “droga” era escasa. Os máis activos tanto física como mentalmente dilapidárona. Deportistas, cirurxiáns, xogadores do xadrez, matemáticos... A xente necesitaba máis. Era mester obtela o antes posible. Mentres, por todo o mundo realizábanse millóns de procesións

e misas pola volta do anxo e da súa enerxía, el regalábaa. Dáballela ás árbores enfermas, aos animais feridos ou aos nenos famentos. Este método era infalible porque, máis tarde, todos aos que axudaba lla devolvían e el reciclábaa.

Cando este coñecemento chegou a oídos dos avaros, sempre faltos de poder, desencadeouse a Apocalipse. Secuestraron o neno. Este, infantil, inocente e de infinita bondade, ensinoulles a eses cans mortos de fame e poder sobre a luz. Unha vez o souberon, acabaron coa súa vida, dun xeito rápido e indoloro. Non sen antes utilizar, por suposto, os coñecementos recentemente adquiridos. Á inversa. Arrebatándolle ao neno toda súa luz, ata apagalo, por completo. Convertérono nunha candeia nun tifón, que tristemente rematou por ceder.

Foi un éxito. Ao principio só se realizaba este proceso con árbores e arbustos, que apenas beberan unha gota dese poder. Ás persoas máis erróneas chegou esta capacidade. Ricos, magnates, estafadores, políticos. Ignorantes. A luz das plantas e animais non lles era suficiente. Eles querían as máis vivas, as máis novas, as máis cativas.

O subidón era de niveis estratosféricos. Os campos de concentración, tempo atrás esquecidos, volveron nacer. Nenos, dende lactantes ata adolescentes, eran os seus poboadores. Un novo grupo rexía sobre o mundo, cuxo emblema, “Sic Lux Luceat”, relucía en cada esquina.

Pais e nais golpeaban os muros con lágrimas nos ollos. Feren os xeonllos ao ser reducidos, mais erguíanse buscando recuperar os fillos que tan cruelmente foran arrancados das súas mans. Moitos acabaron mallados.

O que alí acontecía era sinxelo. Unha ou varias veces ao día, o director do campo seleccionaba un neno: O de ollos máis brillantes. O de pelo máis rubio. O de lágrimas máis salgadas. Realizaba o ritual e restáballe practicamente toda a enerxía vital. Deixábanos vexetais. Apagados. Extintos. Condenados en vida. Por que non os mataban? Se medraban, cando medraran, terían fillos, que no seu ADN levarían a máis pura esencia desa enerxía.

Eu son 3815-BX. Non teño nome. Son unha secuencia de números. Poida que algunha vez o tivese. Xurxo? Pedro? Marco? Non me lembro. Sei os meus números. Si. Están no me brazo esquerdo, agora pálido, coa pel tensa sobre os ósos, morta. O contorno da miña vista posúe a máis deprimente das escuridades. Nin sequera é escuridade. É unha falta de luz, agullas que loitan por deixarme, á fin, abrazar pola Pálida Dama. Hai dúas semanas que me realizaron o ritual. Agonía. Sangue fervendo. Medo. Con ollos abertos, case fóra do cranio, tiven que ser consciente de como, pinga a pinga, perdía o último vínculo coa realidade.

Obríganme a estudar. A crecer. Non podoo. Só vexo os apuntamentos grises sobre a mesa. Sucesións de letras que forman frases, oracións.

Cando será o meu aniversario? Esquecido. Agora só son un graíño máis de area nun deserto. Un graíño que afunde e afunde... Que subduce e non funde... Teño algo nun peto.

Posiblemente o único que me mantén con forzas para relatarche a ti, lector, a miña trágica morte. Cando estaba eu aínda no campo, adoitaba pasar moito tempo nunha esquina. A miña esquina. Un ángulo de 90º no que eu facía vida. A humidade facíase patente en enormes manchas por todos os lugares. Pero a mancha do meu ángulo de 90º era especial. Nela medraba, contra todo prognóstico, un brote, un pequeno brote dun futuro trevo. Tan só lle chegaba luz cinco horas ao día (polo menos de luz solar), pero para el era suficiente.

Cando viñeron por min, tratei de fuxir, de escapar, pero todos os camiños me levaban a el, o desentullado anaco de herba que observaba, o potente da destrución dunha raza. Acurraláronme no meu ángulo, nun acto desesperado, agarrei o trevo. Colléronme pola cintura e separáronme da parede. A pequena herbiña quebrou e, nun acto subrepticio, escondina no pantalón. A planta, que coñecía xa o seu final, ao ser segada da parede cedeume a súa enerxía.

Agora xa está murcha, reducida a po...

Sen ela non sei que facer...

Perdo forza, teño medo...

Péchanseme os ollos. Teño que fuxir... xa non podo nin enlazar correctamente as palabras....

O reloxo marca as sete, teño que resistir, debo resistir, debo, debo...

RELATO EN CASTELLANO

SIC LUX LUCEAT

No. No hay luz. ¿Qué es eso? Yo no tengo. Oscuridad solo. Eres capaz de imaginar... por un momento... no.

Seguro que no puedes. Aun así, no pierdo nada por explicar, por contar, por narrar... Desde que ha aparecido por vez primera esta nueva fuente de energía, todo es peligroso. Quiero salir o dejarla entrar, que se esconda en un rincón pequeño, y caliente, con un pequeño resplandor al principio, o que vaya quemando y fundiendo todo, hasta que me consuma si es necesario.

“Sic Lux Luceat” “Así brilla la luz”. Tres palabras. Tres verbos latinos que juntos significan para mí, para nosotros, destrucción.

Hace meses, un niño gallego aseguró que había visto un ángel. Dijo que no son como se pintan en las iglesias. No tienen plumas aterciopeladas ni visten blancos atuendos. “Los ángeles están hechos de energía —decía sonriendo, con la mirada perdida—. La más pura y hermosa”. Por supuesto, nadie lo creyó. “El ángel se enfadará!” Nadie lo creía aún.

El niño tenía miedo. En efecto, el ángel se enfadó. Apareció un día en la Catedral de Santiago, pero, de algún modo, todos lo pudimos sentir tomándonos la mano. Estaba hecho por entero de energía, de luz. Pero no de la sucia que obtenemos del petróleo. Estaba hecho de aquella que emplea una madre para levantar el coche que atrapa a su hijo. De aquella que abre las margaritas o de la que un ciego precisa para ver por primera vez. Su voz resonó en la cabeza de todos los humanos que pueblan la Tierra.

No hablaba ninguna lengua conocida, pero a todos nos sonó... familiar. Soltó su reprimenda. Palabras grandiosas imposibles de reproducir con un bolígrafo. Prometió castigarnos... con un avasallamiento. Se quebró como un cristal de Bohemia en millones, billones o más esquirlas de energía. Cada trozo cayó en un hombre, en una planta, en un animal, en un ser. ¡Al principio, nos sentimos indestructibles! Rendíamos el triple, éramos felices, pero había un problema. La "droga" era escasa. Los más activos tanto física como mentalmente la dilapidaron. Deportistas, cirujanos, jugadores del ajedrez, matemáticos... La gente necesitaba más. Era necesario obtenerla lo antes posible. Mientras, por todo el mundo se realizaban millones de procesiones y misas para que volviese el ángel y su energía, él la regalaba. Se la daba a los árboles enfermos, a los animales heridos o a los niños hambrientos. Este método era infalible porque, más tarde, todos a los que ayudaba se la devolvían y él la reciclaba.

Cuando este conocimiento llegó a oídos de los avaros, siempre faltos de poder, se desencadenó el Apocalipsis. Secuestraron al niño. Este, infantil, inocente y de infinita bondad, enseñó a esos perros muertos de hambre y poder acerca de la luz. Una vez lo supieron, acabaron con su vida, de un modo rápido e indoloro. No sin antes utilizar, por supuesto, los conocimientos recién adquiridos. A la inversa. Arrebataron al niño toda su luz, hasta apagarlo, por completo. Lo convirtieron en una vela en un tifón, que tristemente acabó por ceder.

Fue un éxito. Al principio solo se realizaba este proceso con árboles y arbustos, que apenas habían bebido una gota de ese poder. A las personas más erróneas llegó esta capacidad. Ricos, magnates, estafadores, políticos. Ignorantes. La luz de las plantas y animales no era suficiente para ellos. Querían las más vivas, las más jóvenes, las más pequeñas.

El subidón era de niveles estratosféricos. Los campos de concentración, tiempo atrás olvidados, volvieron a nacer. Niños, desde lactantes hasta adolescentes, eran sus pobladores. Un nuevo grupo regía sobre el mundo, cuyo emblema, "Sic Lux Luceat", relucía en cada esquina.

Padres y madres golpeaban los muros con lágrimas en los ojos. Se hieren las rodillas al ser reducidos, pero se erguían buscando recuperar a los hijos que tan cruelmente habían sido arrancados de sus manos. Muchos acabaron apaleados.

Lo que allí acontecía era sencillo. Una o varias veces al día, el director del campo seleccionaba a un niño: El de ojos más brillantes. El de pelo más rubio. El de lágrimas más saladas. Realizaba el ritual y le restaba prácticamente toda la energía vital. Los dejaban vegetales. Apagados. Extintos. Condenados en vida. Por que no los mataban? Si crecían, cuando creciesen, tendrían hijos, que en su ADN llevarían la más pura esencia de esa energía.

Yo soy 3815-BX. No tengo nombre. Soy una secuencia de números. Puede que alguna vez lo tuviese. Jorge? Pedro? Marco? No me acuerdo. Sé mis números. Sí. Están en mi brazo izquierdo, ahora pálido, con la piel tensa sobre los huesos, muerta. El entorno de mi vista posee la más deprimente de las oscuridades. Ni siquiera es oscuridad. Es una falta de luz, agujas que luchan por dejarme, al final, abrazar por la Pálida Dama. Hace dos semanas que me realizaron el ritual. Agonía. Sangre hirviendo. Miedo. Con ojos abiertos, casi fuera del cráneo, tuve que ser consciente de cómo, gota a gota, perdía el último vínculo con la realidad.

Me obligan a estudiar. A crecer. No puedo. Solo veo los apuntes grises sobre la mesa. Sucesiones de letras que forman frases, oraciones.

Cuando será mi cumpleaños? Olvidado. Ahora solo soy un grano más de arena en un desierto. Un grano que se hunde y se hunde... Que seduce y no se hunde... Tengo algo en un bolsillo. Posiblemente el único que me mantiene con fuerzas para relatarte a ti, lector, mi trágica muerte. Cuando estaba yo aún en el campo, solía pasar mucho tiempo en una esquina. Mi esquina. Un ángulo de 90º en el que yo hacía vida. La humedad se hacía patente en enormes manchas por todos los lugares. Pero la mancha de mi ángulo de 90º era especial. En ella crecía, contra todo pronóstico, un brote, un pequeño brote de un futuro trébol. Tan solo le llegaba luz cinco horas al día (por lo menos de luz solar), pero para él era suficiente.

Cuando vinieron a por mí, traté de huir, de escapar, pero todos los caminos me llevaban a él, al desescombrado pedazo de hierba que observaba lo potente de la destrucción de una raza. Me acorralaron en mi ángulo, en un acto desesperado, agarré el trébol. Me cogieron por la cintura y me separaron de la pared. La pequeña hierba quebró y, en un acto subrepticio, la escondí en el pantalón. La planta, que conocía ya su final, al ser segada de la pared me cedió su energía.

Ahora ya está marchita, reducida a polvo...

Sin ella no sé qué hacer...

Pierdo fuerza, tengo miedo...

Se me cierran los ojos. Tengo que huir... ya no puedo ni enlazar correctamente las palabras...

El reloj marca las siete, tengo que resistir, debo resistir, debo, debo...